

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZ11AC	<i>Expediente</i> CON/9/2015	<i>Fecha</i> 03-07-15 11:13

Número 12 .- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á adxudicación do contrato de "Subministro de folios, sobres e carpetas para o Concello de Santiago de Compostela". (CON/9/2015).

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 03 de xullo de 2015 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 12 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "SUBMINISTRO DE FOLIOS, SOBRES E CARPETAS PARA O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA". (CON/9/2015).**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 11 de xuño de 2015, do director de área de Contratación, conformado coa mesma data polo concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública; así como do informe favorable da técnico de Intervención que conta co conforme da Viceinterventora Municipal, número 2015/495, de data 30.06.2015.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

**"EXPEDIENTE:** .Subministro de folios, sobres e carpetas para o Concello de Santiago de Compostela

**ASUNTO:** Adxudicación do contrato a OFFICE DEPOT SL

**ANTECEDENTES:**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZ11AC	<i>Expediente</i> CON/9/2015	<i>Fecha</i> 03-07-15 11:13

Primeiro: Con data 04-06-2015 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas e a do licitador *OFFICE DEPOT SL*

Segundo: O concelleiro delegado de contratación, mediante resolución 04-06-2015 require a *OFFICE DEPOT SL* para que aporte como trámite previo á adxudicación do contrato:

- Documentación xustificativa de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social
- Documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica
- Documentación acreditativa da súa capacidade de obrar
- Xustificación do pagamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes

Terceiro: Con data 11-06-2015 celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia e conforme ao acordado coa mesa de contratación de data 04-06-2015 procede realizar a seguinte:

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO:** Rexeitar a oferta presentada pola empresa *GERSA INFORMÁTICA SL* por non aportar as mostras que o prego esixe taxativamente no seu apartado 13.3.

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de referencia a favor de ***OFFICE DEPOT SL***, por un importe de 10.172,00 euros/ano (IVE aparte 21%: 2.136,12 euros/ano), cantidade máxima sobre a que se aplicarán os prezos unitarios ofertados ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **080 92000 22000**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

- Anualidade 2015: 6.461,79 euros ive incluído.
- Anualidade 2016: 12.308,12 euros ive incluído.
- Anualidade 2017: 5.846,33 euros ive incluído."

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1AC	<i>Expediente</i> CON/9/2015	<i>Fecha</i> 03-07-15 11:13

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar a oferta presentada pola empresa GERSA INFORMÁTICA SL, por non aportar as mostras que o prego esixe taxativamente no seu apartado 13.3.

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de referencia a favor de **OFFICE DEPOT SL**, por un importe de 10.172,00 euros/ano (IVE aparte 21%: 2.136,12 euros/ano), cantidade máxima sobre a que se aplicarán os prezos unitarios ofertados por ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **080 92000 22000**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2015: 6.461,79 euros IVE incluído.  
Anualidade 2016: 12.308,12 euros IVE incluído.  
Anualidade 2017: 5.846,33 euros IVE incluído.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández



